

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BETANZOS

Anuncio de información pública

ANUNCIO

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Concello de Betanzos asinou convenio de colaboración coa entidade pública empresarial Augas de Galicia para a execución de actuacións de mellora do sistema de abastecemento de Betanzos, por un importe de 1.205.118,23 €.

O proxecto de obra, “Mellora do sistema de abastecemento en Betanzos. Fase I”, redactado por Ingeniería del Noroeste, S.L., recolle as actuacións que ampliarán a ETAP que lle permitirán albergar unha capacidade de 120 l/s.

O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: OH.215.1096.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de trinta (30) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan perxudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Betanzos, nas oficinas situadas no edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, ou a través da sede electrónica na web: www.betanzos.net

O proxecto, para que poida ser examinado por quen o desexe, está dispoñible a través do enlace:

<http://descargas.xunta.es/ede6638f-1ae0-4ee7-bd49-78d0fa2733081556108603108>

Tamén pode consultarse en papel, no Departamento de Contratación do Concello de Betanzos, praza de Galicia n.º 1, 15300 Betanzos.

En Betanzos, 16 de maio de 2019.

A alcaldesa

María Barral Varela

2019/3886